EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

Nº DE REXISTRO 0118

DATA DE ENTRADA | HORA

DATA DE SAÍDA 09/05/18 | HORA 11:00

CONVOCATORIA

Convócase ás entidades socias da **ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL** á reunión que se celebrará no lugar, data e hora abaixo indicados, segundo a **ORDE DO DÍA** que se especifica.

Mos, a 7 de Maio de 2018

A Presidenta,

Asco. Sandra González Alvárez

TIPO de REUNIÓN:	**ASEMBLEA XERAL** (ORDINARIA e EXTRAORDINARIA)
DATA da REUNIÓN:	**23 de MAIO de 2018**
HORA da SESIÓN, 1ª convocatoria:	**20:00 HORAS**
HORA da SESIÓN, 2ª convocatoria:	**20:30 HORAS**
LUGAR:	**AXENCIA de COLOCACIÓN de MOS** **(CENTRO de DESENVOLVEMENTO LOCAL de MOS)** Avenida de Peinador, 39 – Tameiga 36416 Mos

ORDE DO DÍA:

1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

2) Aprobación, se procede, **da ratificación** da composición tras ás últimas renovacións **da Xunta Directiva** da Asociación.

3) Aprobación, se procede, **de altas e baixas de entidades socias** da Asociación.

4) Aprobación, se procede, do **Plan de Actividades e Orzamento 2018** incluída a **Memoria de Actividades 2017** da Asociación.

5) Aprobación, se procede, das **Contas Anuais 2017** da Asociación.

6) Aprobación, se procede, do **convenio de colaboración** entre a **Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL** e a **Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Camposancos (A Guarda)** a efectos da execución e do mantemento do proxecto denominado **"POSTA EN VALOR E SINALIZACIÓN DO SENDEIRO DOS BANCOS EN SANTA TEGRA"** presentado como un expediente de animación e promoción territorial do GDR14 na anualidade 2018/2019 da Medida LEADER 2014/2020.

7) Aprobación, se procede, do **convenio de colaboración** entre a **Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (GDR14)** e o **Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Vigo – A Guarda (GALP 7)** para actividades de interese xeral.

8) Información actualizada da **Medida LEADER 2014/2020** xestionada pola Asociación.

9) Rogos e preguntas.

NOTA: A documentación anexa aos puntos da orde do día vai a estar publicada na páxina web da Asociación de Desenvolvemento Rural (www.eurural.org). No caso de aqueles socios que teñen facilitada a súa dirección de correo electrónico á Asociación de Desenvolvemento Rural, a documentación anexa aos puntos da orde do día tamén vai ser enviada por e-mail.

No caso de non poder acudir persoalmente poden delegar por escrito.

ASEMBLEA XERAL ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL 23 de MAIO de 2018

D/Dna _____, con DNI _____,
como representante legal da entidade _____,
DELEGO o meu voto en _____, con DNI _____,
representante da entidade _____.

CIF: G36889780

BORRADOR DA ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA ADR MAIV - BAIXO MIÑO

Sendo as 20:20 horas do día 16 de marzo de 2017, na Axencia de Colocación de Mos Centro de Desenvolvemento Local de Mos (Avenida Peinador, 39 – Tameiga – 36416 Mos) celébrase a Asemblea Xeral Ordinaria na que actúa como Vicesecretario e Presidente Accidental Fernando Magdalena Blanco, coa presenza dos membros que a continuación se relacionan e coa seguinte orde do día:

1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2) Aprobación, se procede, do Plan de Actividades e Orzamento 2017 incluída a Memoria de Actividades 2016 da Asociación.
3) Aprobación, se procede, das Contas Anuais 2016 da Asociación.
4) Información actualizada do Programa LEADER 2014/2020 xestionado pola Asociación.
5) Rogos e preguntas.

As persoas asistentes son as seguintes:

Nome e Apelidos	**Entidade representada**
Susana Costa Acuña	Club Deportivo Sen Amarras
Miguel Pazo Paramos (por delegación de Ángel Holguera Domínguez)	COGAMI Pontevedra
Marcos Comesaña Chamorro	ACEBA
Miguel Pazo Paramos	Asociación Vontade
Fernando Magdalena Blanco	Comunidade Montes Trasmaño
Zara Pousa Arbones	Fundación Xavier Pousa
Celso Alvarez (por delegación de Susana Rodríguez Da Silva)	ACADAR
Julia Loureiro Campo	Concello Mos
Francisco Javier Veloso Castaño	Comunidade Montes Randufe
Dolores Díaz Malvido	Asociación Amas Casa Baiona
Emiliano Lage Rodríguez	Concello Fornelos Montes
Fernando Magdalena Blanco	Asociación Amigos de Monte Mirallo
Carlos Garrido Cernadas (acompañante)	Comunidade Montes Santa María de Pazos
Argimiro Martínez	Comunidade Montes Tabagón
Aurelio Paredes Gil	ASPAVI
José Manuel Amoedo Álvarez	Comunidade Montes Fornelos
Jesús Crespo López (por delegación)	Concello Redondela
Manuel Míguez	Comunidade Montes Santa María de Pazos
Nuria Castro Martínez	Asociación "A Jalleira"
Montserrat Magallanes (por delegación)	Concello A Guarda
Susana Costa Acuña (por delegación de Oswaldo Davila Piñeiro)	Club Minauta
Celso Alvarez	COGAMI
Cristina Correa Pombal	Concello Oia
Rebeca González (por delegación)	AEMOS
Alberto Covelo	Comunidade Montes Vincios
Martín Otero Clemente	Asociación Veciños Sabaris

Tamén asistiron como asesores con voz pero sen voto os seguintes compoñentes do equipo técnico da Asociación: Marco Antonio García Rodríguez (Xerente) e Jenaro González Abeledo (Técnico).

1) Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior. Aprobase por unanimidade (asemblea xeral ordinaria celebrada o pasado 26/04/2016).

2) Aprobación, se procede, do Plan de Actividades e Orzamento 2017 incluída a Memoria de Actividades 2016 da Asociación. Aprobanse todos os apartados (plan, orzamento e memoria) por unanimidade.

3) Aprobación, se procede, das Contas Anuais 2016 da Asociación. Aprobanse por unanimidade.

4) Información actualizada do Programa LEADER 2014/2020 xestionado pola Asociación. Se facilita aos asistentes información actualizada ao respecto.

5) Rogos e preguntas. Non hai rogos e preguntas por parte dos asistentes.

E non habendo máis asuntos para tratar, a Presidencia da por rematada a sesión ás 20:55 horas do día devandito.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE ACCIDENTAL

Asdo.- Fernando Magdalena Blanco

O VICESECRETARIO

Asdo.- Fernando Magdalena Blanco

RENOVACIÓN XUNTA DIRECTIVA 2016

MESA INSTITUCIONAL

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	GONZÁLEZ ÁLVAREZ, SANDRA	PRESIDENTA	CONCELLO TOMIÑO
2	LOUREIRO CAMPO, JULIA	VOGAL	CONCELLO MOS
3	LAGE RODRIGUEZ, EMILIANO	VOGAL	CONCELLO FORNELOS MONTES
4	BENÍTEZ FERNÁNDEZ, UXIO	VOGAL	DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

MESA MONTES E MEDIO AMBIENTE

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	MAGDALENA BLANCO, FERNANDO	VICESECRETARIO	C.M.V.M.C. TRASMAÑO
2	VELOSO CASTAÑO, FRANCISCO JAVIER	VOGAL	C.M.V.M.C. RANDUFE
3	PEREIRA MARTÍNEZ, XOSÉ ALFREDO	VICEPRESIDENTE	ORGACCMM
4	MARTINEZ RODRIGUEZ, JOSE LUIS	VOGAL	C.M.V.M.C. BUDIÑO

MESA DE MULLER

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	DÍAZ MALVIDO, DOLORES	VOGAL	ASOC. AMAS CASA BAIONA
2	RODRÍGUEZ DA SILVA, SUSANA	VOGAL	ACADAR

MESA VECIÑAL, CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	FREAZA PÉREZ, JOSÉ ANTONIO	VOGAL	AA.VV. "SAN AMARO" FORNELOS MONTES
2	COSTA ACUÑA, SUSANA MARÍA	VOGAL	CLUB DEPORTIVO "SEN AMARRAS"
3	POUSA ARBONES, ZARA	VOGAL	FUNDACIÓN XAVIER POUSA
4	ALONSO PÉREZ, RAMÓN	VICETESOUREIRO	ASOC. "CUPO SEN FONDO"

MESA DESENVOLVEMENTO ECONOMICO

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	DOMÍNGUEZ PÉREZ, FRANCISCO JAVIER	VOGAL	ASOC. EMPRESARIOS MOS
2	COMESAÑA CHAMORRO, MARCOS	VOGAL	ASOC. COMERCIANTES E EMPRESARIOS BAIONA

MESA DE ACCIÓN SOCIAL

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	HOLGUERA DOMÍNGUEZ, ÁNGEL	TESOUREIRO	COGAMI
2	PAZO PARAMOS, MIGUEL	VOGAL	VONTADE

MESA AGROGANDEIRA

	APELIDOS E NOME	CARGO	ENTIDADE
1	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, MARTÍN	SECRETARIO	ASOCIACIÓN PROFESIONAL DEL KIWI DE GALICIA
2	MARTÍNEZ VALLADARES, SALVADOR	VOGAL	SINDICATO LABREGO GALEGO
3	VAQUERO PEREIRA, ÓSCAR	VOGAL	ACUBAM

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO
GALICIA SUROESTE EURURAL

Asemblea Xeral 23/05/2018

SOLICITUDES DE ALTAS/BAIXAS DE ENTIDADES SOCIAS

Tras a solicitude presentada polos interesados, PROPONSE a aceptación das seguintes solicitudes de alta como socios:

Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil
-ASOCIACIÓN CULTURAL DE MOSENDE
(O Porriño)

Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil
-ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL SEN RAIA
(Tomiño)

Mesa Montes e Medio Ambiente
-C.M.V.M.C. CAMPOSANCOS
(A Guarda)

CIF: G36889780

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

PLAN ACTIVIDADES 2018

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

FUNCIONAMENTO INTERNO

- Xestión integral da Medida LEADER 2014/2020 (difusión, asesoramento a promotoras/es, xestión e aprobación de expedientes e axudas, certificacións e seguimento)

- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades asociadas

- Colaboración entre o equipo técnico e a Xunta Directiva para a posta en valor do noso territorio

- Xestión da Páxina Web Corporativa da Asociación (www.eururaI.org): divulgación da Medida LEADER 2014/2020

- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural

CIF: G36889780

FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO

- Convocatorias de Mesas Sectoriais, Xuntas Directivas e Asembleas Xerais

- Altas e baixas de asociadas/os

- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os

- Notas de prensa e redes sociais (facebook EURURAL)

OUTROS PROXECTOS (Non LEADER)

Participación e/ou colaboración noutros proxectos comunitarios ou nacionais ligados ao desenvolvemento rural do noso territorio (nova estratexia asociativa)

Avenida de Peinador 39, 1° andar, Tameiga, 36416 MOS | Tel. 986 443 030 | www.eururaI.org | info@eururaI.org

RESOLUCIÓN SOBRE A AUTORIZACIÓN AO GDR 14 GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL BAIXO MIÑO PARA OS GASTOS CORRENTES OU DE FUNCIONAMENTO (SUBMEDIDA 19.4A) E PARA A AUTORIZACIÓN DO IMPORTE MÁXIMO PARA GASTOS DE ANIMACIÓN (SUBMEDIDA 19.4B), CON CARGO Á ANUALIDADE 2018

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

Nº DE REXISTRO 0082
DATA DE ENTRADA 13/04/18 HORA 13:50:00
DATA DE SAÍDA HORA

I.- Datos identificativos

- GDR: 14 - Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño
- Anualidade: 2018
- Expedientes:

Para gastos correntes (submedida 19.4A): L18-1940-14-A002

Para gastos de animación (submedida 19.4B): autorización ao GDR 14 - Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño da dotación financeira máxima que se poderá destinar a proxectos de animación con cargo á anualidade 2018.

II.- Antecedentes

- A cláusula 10ª do convenio de colaboración entre a Agader e o GDR establece un importe máximo de cento setenta e dous mil catrocentos dezasete euros con noventa e dous céntimos (172.417,92€) que o GDR poderá dedicar a gastos correntes (19.4A) e á animación (19.4B) con cargo á anualidade 2018. Tamén sinala que lle corresponde á Agader a autorización anual do orzamento máximo de que disporá o GDR para esta tipoloxía de gastos, que nunca poderán superar o 25% do gasto público total en que incorra o GDR no marco da estratexia de desenvolvemento local. En relación a estes aspectos, os importes para os que se pide a autorización de gastos nas submedidas 19.4A e 19.4B da medida Leader, sitúanse dentro das disponibilidades orzamentarias sinaladas na citada cláusula 10ª do convénio

-O día 29/11/2017 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 14 - Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño pola que se prevía un importe para gastos correntes con cargo á submedida 19.4A por un importe global de cento dezasete mil cincuenta e sete euros con noventa e uns céntimos (117.057,91€), para a anualidade 2018.

-O día 24/01/2018 tivo entrada no rexistro da Agader solicitude de autorización do GDR 14 - Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B por un importe global de trinta e un mil oitocentos noventa e cinco euros con noventa céntimos (31.895,90€), para a anualidade 2018.

II.- Fundamentos legais

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (*DOG* núm. 42, do 2 de marzo).

- Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatória sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de GDR como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR, asinado o 13 de decembro de 2016, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na

medida LEADER de Galicia, cofinanciado co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do Consello de Dirección da Agader 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020 publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2017 (DOG. núm. 12).

Tendo en conta os antecedentes, os fundamentos legais expostos e que a competencia para resolver sobre as autorizacións solicitadas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

RESOLVO:

1. Autorizar ao GDR **14 Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño** a seguinte dotación financeira máxima que poderá destinar a gastos para proxectos de animación e promoción territorial con cargo á submedida 19.4B do PDR de Galicia 2014-2020:

ANO	IMPORTE
2018	31.895,90

Esta contía distribuirase entre os proxectos concretos para os que o GDR lle solicite axuda a Agader, conforme ao previsto nas bases reguladoras aprobadas polo Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016.

2. Autorizar ao GDR **14 Grupo de Desenvolvemento Rural Baixo Miño** a seguinte dotación financeira para o ano 2018 con cargo a gastos correntes da submedida 19.4A do PDR de Galicia 2014-2020, de acordó coas condicións que a seguir se indican, así como emitir un documento contable (PG negativo) pola diferenza entre o total solicitado para a suma da 19.4A (custes correntes) e da 19.4B (animación) e o importe establecido na cláusula 10ª do Convenio de colaboración entre a Agader e o GDR para o financiamento do total da submedida 19.4 con cargo ao ano 2018. Este saldo, que ascende a un total de **veintitres mil catrocentos sesenta e catro euros con once céntimos (23.464,11€)**, será destinado ao financiamento de proxectos da submedida 19.2 do GDR con cargo á anualidade 2018, en base ás reprogramacións previstas na cláusula 18ª do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR.

A. O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

CONCEPTO	Orzamento presentado	Orzamento aprobado
I-Gastos de persoal	85.763,27	85.763,27
II-Axudas de custe do persoal técnico do GDR	4.200,00	4.200,00
III-Asistencia a xetión	0,00	0,00
IV- Suministros exteriores	7.800,00	7.800,00
V-Inmobles e equipos	3.149,96	3.149,96
VI-Outros gastos	16.144,68	16.144,68
TOTAIS	117.057,91	117.057,91

IVE subvencionable.
Non se esclúe ningún concepto dos presentados no orzamento

B. A axuda correspondente a estes gastos é incompatible con calquera outra que, para os mesmos gastos, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader.

C. A intensidade da axuda con cargo á estratexia para os gastos de funcionamento poderá ser do 100%.

D. O GDR poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para eses fins. Non obstante o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

E. O GDR deberá executar e xustificar os gastos correntes de funcionamento (19.4A) seguindo as regras xerais previstas no Réxime de Axudas. Ademais, deberá acreditarse a moderación de custes, calquera que sexa a contía do gasto subvencionable, mediante o sistema adecuado de valoración que estableza a Agader no Réxime de Axudas ou en instrucións ditadas ao efecto. Dito sistema de valoración de custes poderá consistir no establecemento de custes máximos de referencia, na comparación de polo menos tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á asunción do gasto ou no establecemento de prezos máximos por un comité de avaliación que designe a Agader.

F. A Agader pagará os gastos correspondentes aos custes correntes da estratexia de desenvolvemento local, do seguinte xeito:

No caso de solicitude do GDR, poderá concederse un anticipo de ata o 50% do orzamento disponible en cada anualidade, unha vez xustificados os gastos en custes correntes da anualidade anterior.

O importe restante da anualidade liberarase unha vez que se xustifique o anticipo e a medida que o GDR presente as solicitudes de pago xunto coa documentación xustificativa das mesmas.

Os gastos poderán ser xustificados mensualmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo; sendo o 15 de novembro de 2018 o último día de prazo para a execución e xustificación do orzamento así como para a presentación da documentación xustificativa ante AGADER.Unicamente serán elixibles os gastos causados na anualidade na que o GDR solicite o seu pagamento,agás os gastos nos que incorra o GDR nos dous meses finais de cada anualidade, que poderán ser imputados polo GDR con cargo ao orzamento dispoñible da anualidade inmediatamente posterior (esta excepción non será aplicable na anualidade final do programa).

Segundo dispón a cláusula 12ª do Convenio de colaboración, o GDR poderá percibir pagamentos a conta e pagamentos anticipados por importe conxunto de ata o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, respecto dos gastos en custes correntes. Así mesmo, exímese ao GDR da constitución de garantías nos pagamentos a conta que poida percibir en relación cos citados gastos en custes correntes, cando o importe conxunto de pagamentos a conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 euros. Cando o GDR non precise os equipamentos adquiridos con cargo á estratexia, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento rural.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación.Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno

Santiago de Compostela,

O director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)
Miguel Ángel Pérez Dubois.

Cargo: Director Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Data e hora: 12/04/2018 14:07:36

MEMORIA ACTIVIDADES 2017

ASOCIACIÓN DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL

FUNCIONAMENTO INTERNO

- Xestión da Medida LEADER 2014/2020: atención ás/aos promotoras/es e xestión dos expedientes de axuda nas fases de solicitude, aprobación, resolución e certificación con 58 novos expedientes presentados dende a apertura da convocatoria a principios de 2017.
- Atención ás/aos socias/os da Asociación e captación de novas entidades como asociadas.
- Colaboración entre o persoal laboral e a Xunta Directiva da Asociación para a posta en valor do noso territorio.
- Xestión da páxina WEB Corporativa da Asociación: www.eurural.org e das redes sociais (Facebook). Publicación nas dúas canles de novas e convocatorias de interese para o territorio: axudas, congresos, publicacións, experiencias doutros territorios, etc.
- Formación continua e participación en eventos relacionados co desenvolvemento rural.

FUNCIONAMENTO ASOCIATIVO

- Convocatorias de Mesas Sectoriais: 02/03 e 09/02 (Mesa Montes e Medio Ambiente).
- Convocatoria Xuntas Directivas: Presenciais (11/01-17/01-22/02-16/03-11/05-15/06-10/07-31/07-10/08-08/11) e por Procedemento Escrito (20/04)
- Convocatoria Asembleas Xerais: 16/03 (extraordinaria e ordinaria).
- Altas e baixas de asociadas/os: 236 entidades asociadas. Neste senso, na Xunta Directiva celebrada o 15 de xuño aceptouse a entrada de dous novas entidades como socias: na Mesa Veciñal, Cultural, Deportiva e Xuvenil a ASOCIACIÓN CULTURAL DE MOSENDE (O Porriño) e a ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL SEN RAIA (Tomiño).
- Comunicación de novas ás/aos asociadas/os (axudas, subvencións, formación, eventos, etc.) a través da web, do correo electrónico e do facebook.
- Notas de prensa.

CIF: G36889780

Avenida de Peinador 39, 1° andar, Tameiga, 36416 MOS | Tel. 986 443 030 | www.eurural.org | info@eurural.org

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

PROMOCIÓN E DIFUSIÓN MEDIDA LEADER

- Reunións formativas e informativas entre os GDRs e AGADER.
- Comunicacións escritas e reunións informativas cos representantes de distintos concellos para a difusión local da convocatoria de axudas da Medida LEADER.
- Reunións coas/os axentes de emprego das entidades públicas para informarlles das novidades da convocatoria de axudas da Medida LEADER e definir e organizar os Plans de Formación que está a desenvolver a Asociación.
- Reunións con outras/os "axentes socioeconómicos" do territorio (asociacións, comunidades, entidades bancarias, etc.).
- Realización de cinco xornadas de divulgación da nova Medida LEADER no territorio (Mos, Tomiño, Fornelos de Montes, A Guarda e Nigrán).
- Deseño, edición e divulgación no territorio dun triptico e dun manual do promotor da nova Medida LEADER.
- Realización dun video promocional da nova Medida LEADER.

CIF: G36889780

COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL

- Traballo en rede cos GDRs galegos a través da Asociación Galega de GDRs (Asistencia a Xuntas Directivas e Asembleas Xerais da Rede Galega de GDRs).
- Participación en eventos e xornadas da "Red Rural Nacional" destinadas a dinamizar o período comunitario 2014/2020 en materia de cooperación interterritorial.
- Celebración en Tui o día 7 de setembro dun evento de intercambio de experiencias entre GDRs con motivo da preparación en colaboración coa "Red Rural Nacional" do proxecto de cooperación "Potenciando Capacidades".
- Presentación o 8 de febreiro en Madrid na sede da "Red Rural Nacional" do proxecto de cooperación "Potenciando Capacidades".
- Contactos con Grupos de Desenvolvemento Rural de España e do resto de Europa para colaborar en diferentes proxectos.

Avenida de Peinador 39, 1° andar, Tameiga, 36416 MOS | Tel. 986 443 030 | www.eurural.org | info@eurural.org

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

OUTRAS ACCIÓNS

- Organización e celebración de accións formativas, informativas e demostrativas dentro da ESCOLA EURURAL en colaboración co Concello de Tomiño e ACUBAM: emprendemento; networking sobre vendas; enxertos de plantas de verán; preparación do solo, de variedades e podas nas especies froiteiras atlánticas; pragas e novas tecnoloxías en aplicación de fitosanitarios; eficiencia no uso do auga aplicada a cultivos de planta ornamental; visita de intercambio de experiencias a explotacións, viveiros e empresas en Asturias.
- Colaboración coa Rede EUSUMO da que somos socios, na promoción e fomento na nosa área xeográfica do cooperativismo e a economía social.
- Contactos, colaboracións e participacións en outros eventos e proxectos non LEADER.

CIF: G36889780

Avenida de Peinador 39, 1° andar, Tameiga, 36416 MOS | Tel. 986 443 030 | www.eururaI.org | info@eururaI.org

MEMORIA ABREVIADA ANUAL EXERCICIO 2017

Que, relativa ao exercicio 2017 pechado o 31 de decembro, sométese á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación, que ten que sancionar as Contas Anuais correspondentes a dito exercicio. O exercicio 2017 abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro.

PUNTO 1.- ACTIVIDADE DA ASOCIACIÓN

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL anteriormente denominada Asociación de Desenvolvemento Rural MAIV – Baixo Miño (en adiante, ADR) constituíuse formalmente o día 19 de xuño de 2001 en Asemblea Constituínte e rexistrouse o día 10 de agosto de 2001 no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/005629-1. O seu enderezo social atópase na Avenida de Peinador nº 39 de Tameiga – Mos (C.P. 36416). O seu número de identificación fiscal é G-36889780. O Obxecto Social da ADR é servir de núcleo de converxencia e representación das entidades e persoas xurídicas, tanto privadas como públicas, interesadas no desenvolvemento rural da zona de actuación formada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui. Se pode acoller aos modelos abreviados de contas anuais xa que non supera os límites legais establecidos a efectos de presentación dos modelos ordinarios.

PUNTO 2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

a) Imaxe Fiel. As contas anuais preparáronse a partir dos rexistros contables do exercicio 2017, en aplicación das disposicións legais vixentes en materia contable co obxecto de mostra-la imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación.

b) Principios contables. Os rexistros contables da Asociación seguen os principios contables recollidos na lexislación contable e mercantil vixente.

c) Comparación da información. A partir do exercicio económico 2009 aplícase o principio de uniformidade non variándose os formatos dos modelos de presentación actualmente en vigor nin os criterios de contabilización.

PUNTO 3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

A 31 de decembro de 2017 o Órgano de Administración propón á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral de Socios a aprobación da distribución de resultados que se indica a continuación.

Resultado anual	Importe
Perdas e ganancias (Resultado NEGATIVO)	-850,49 €

Remanente de exercicios anteriores	Importe
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	59.734,77 €

A aplicación é a "remanente pola actividade asociativa non lucrativa". O resultado do exercicio é neto de impostos. A efectos de presentación ante a A.E.A.T. o imposto de sociedades devengado do exercicio é de 0,00 €. A distribución prevista no reparto de resultados do exercicio cumpre cos requisitos e limitacións establecidas nos estatutos da Asociación e na normativa legal.

PUNTO 4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

Non existe a 31 de decembro de 2017 ningún elemento activado de inmobilizado intanxible ou material nin valores negociables e outros investimentos e instrumentos financeiros análogos, polo tanto, non procede a dotación de ningunha amortización ao respecto.

PUNTO 5.- INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

Durante o exercicio 2017 non hai rexistrados movementos nas partidas de inmobilizado material, intanxible e investimentos inmobiliarios. Non procede o libro de inventarios de bens, xa que polo principio de importancia relativa, os elementos de equipamento adquiridos a partir do ano 2009 foron contabilizados como gasto corrente do exercicio.

PUNTO 6.- ACTIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2017 non hai rexistrados movementos na partida de activos financeiros.

PUNTO 7.- PASIVOS FINANCEIROS

Durante o exercicio 2017 non hai rexistrados movementos na partida de pasivos financeiros.

PUNTO 8.- FONDOS PROPIOS

O movemento das distintas contas que compoñen os "Fondos Propios" da Asociación ao final do exercicio económico 2017 é o seguinte:

SALDO INICIAL	ENTRADAS (+)	SAÍDAS (-)	SALDO FINAL
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	59.734,77 €	0,00 €	59.734,77 €
Resultado do exercicio 2017 (NEGATIVO)	0,00 €	850,49 €	-850,49 €
Total	**59.734,77 €**	**850,49 €**	**58.884,28 €**

PUNTO 9.- SITUACIÓN FISCAL

O Imposto sobre Beneficios calcúlase en función do resultado do exercicio antes de impostos considerando as diferenzas existentes entre o resultado contable e o resultado fiscal (base impoñible do imposto) e distinguindo nestas o seu carácter de permanente ou temporal a efectos de determina-lo Imposto sobre Sociedades devengado no exercicio. En aplicación do Imposto sobre Sociedades procede determinar e cuantificar as rendas exentas a efectos do imposto sobre beneficios procedentes da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación. Considérase que tódolos ingresos e gastos relativos ao exercicio 2017 proceden da realización de actividades inherentes ao obxecto social da Asociación xa que a Asociación non desenvolveu nin desenvolve actividades non recollidas no seu obxecto social segundo consta nos Estatutos da mesma. Polo tanto, o cálculo do imposto sobre beneficios correspondente ao exercicio económico 2017 é o seguinte:

RESULTADO EXENTO ANTES DE IMPOSTOS.	**-850,49 €**
RESULTADO NON EXENTO ANTES DE IMPOSTOS (RESULTADO FISCAL).	0,00 €
AXUSTES EXTRACONTABLES PERMANENTES POSITIVOS E NEGATIVOS.	0,00 €
AXUSTES EXTRACONTABLES TEMPORAIS POSITIVOS E NEGATIVOS	0,00 €
BASE IMPOÑIBLE PREVIA NON EXENTA (RESULTADO FISCAL)	0,00 €
BASE IMPOÑIBLE	**0,00 €**
COTA ÍNTEGRA	0,00 €
DEDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS EN COTA	0,00 €
COTA LÍQUIDA	0,00 €
RETENCIÓNS	**0,00 €**
PAGOS FRACCIONADOS.	0,00 €
COTA DIFERENCIAL	**0,00 €**

PUNTO 10.- INGRESOS E GASTOS

Durante o exercicio 2017 a Asociación tivo os seguintes ingresos totais detallados por partidas:

Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (FEADER)	141.945,43 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (FEADER)	14.204,55 €
Subvención Dirección Xeral Ordenación Forestal ESCOLA EURURAL (FEADER)	9.178,95 €
Facturación ESCOLA EURURAL (Aportación Concello Tomiño)	3.000,00 €
TOTAL INGRESOS	**168.328,93 €**

Durante o exercicio 2017 a Asociación tivo os seguintes gastos totais detallados por partidas:

Gastos de persoal e asimilados	121.436,36 €
Subministracións e outros custes exteriores	47.566,58 €
Gastos financeiros	15,86 €
Gastos extraordinarios	160,62 €
TOTAL GASTOS	**169.179,42 €**

PUNTO 11.- SUBVENCIÓNS, DONACIÓNS E LEGADOS

Durante o exercicio 2017 a Asociación rexistrou ao seu favor as seguintes "subvencións" (destinadas a sufragar gastos):

Subvención Custes Correntes 19.4A Medida LEADER 2014/2020 (FEADER)	141.945,43 €
Subvención Gastos Animación 19.4B Medida LEADER 2014/2020 (FEADER)	14.204,55 €
Subvención Dirección Xeral Ordenación Forestal ESCOLA EURURAL (FEADER)	9.178,95 €
TOTAL INGRESOS	**165.328,93 €**

PUNTO 12.- OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

Non existen entidades do grupo e asociadas a efectos contables, laborais e fiscais.

PUNTO 13.- OUTRA INFORMACIÓN

As presentes Contas Anuais do Exercicio Económico 2017 están compostas polo Balance de Situación Abreviado, a Conta de Perdas e Ganancias Abreviada e a Memoria Abreviada e foron elaboradas atendendo ao Libro Diario do Exercicio Económico 2017.

A Asociación entende que, salvo error ou omisión, a información contida na presente Memoria é suficiente para mostra-la imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma.

Atendendo á lexislación vixente, non existen retribucións devengadas no exercicio 2017 polos membros da Xunta Directiva da Asociación.

Non se produciron feitos ou transaccións posteriores ao peche do exercicio 2017, imputables a dito exercicio, que poidan ter efecto significativo sobre os estados financeiros, que non precisan polo tanto de axuste algún.

A 31 de decembro de 2017 a Asociación rexistra as seguintes partidas de activo:	
AGADER (custes correntes 19.4A LEADER 2014/2020)	14.157,55 €
CAIXABANK (comisións e gastos cobrados incorrectamente)	185,64 €
Concello Mos (fianza depositada local Asociación)	1.214,61 €
Tesourería (saldo total contas bancarias)	48.468,77 €
TOTAL ACTIVO	**64.026,57 €**

A 31 de decembro de 2017 a Asociación rexistra as seguintes partidas de pasivo:	
Remanente pola actividade asociativa non lucrativa	59.734,77 €
Resultado do exercicio 2017 (NEGATIVO)	(850,49) €
Seguridade Social (Decembro/2017)	2.062,96 €
A.E.A.T. (Modelo 111 4T/2017)	3.079,33 €
TOTAL PASIVO	**64.026,57 €**

A continuación xustifícase a existencia do "resultado contable NEGATIVO" de 850,49 €:

A	RESULTADO NEGATIVO (2017)	-850,49 €
B1	Intereses Bancarios Póliza Crédito LEADER (Caixabank)	15,86 €
B2	Custe derivado dunha factura de VODAFONE non subvencionable totalmente (gasto non elixible pola Medida LEADER)	152,21 €
B3	Exceso de gastos derivados da ESCOLA EURURAL no ano 2017 (que non foron subvencionados á Asociación nin facturados pola mesma)	674,01 €
B3	Axuste Retencións Fiscais Intereses Bancarios Integros Xerados 2016 (retencións non recuperables)	8,41 €
	(-A + sumatorioB) ➔	**0,00 €**

A 31 de decembro de 2017 a Tesourería da Asociación elévase a 48.468,77 €.
Dita cantidade figura como saldo á data de finalización do ano económico 2017 nas seguintes contas bancarias das que é titular único a ADR:

ENTIDADE	NÚMERO CONTA	TIPO CONTA	SALDO (31/12/2017)
CAIXABANK	ES8521005656030200152632	c. corrente LEADER	38.524,35 €
ABANCA	ES8220800552013040008273	c. corrente	4.132,77 €
ABANCA	ES5220800552013040006194	c. corrente	5.811,65 €

Mos, 22 de Febreiro de 2018.

EU RURAL
Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste

Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2017 (Pechado a 31/12/2017)
Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
Moeda: Euro

ACTIVO	E2017	E2016
A) ACTIVO NON CORRENTE.		
I. Inmobilizado intanxible.		
II. Inmobilizado material.		
III. Investimentos inmobiliarios.		
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
V. Investimentos financeiros a longo prazo.		
VI. Activos por Imposto diferido.		
B) ACTIVO CORRENTE.	**64.026,57**	**60.242,51**
I. Activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Existencias.		
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar.	14.343,19	17.248,90
AGADER	14.157,55	10.553,79
CAIXABANK	185,64	
Anticipos (provedores)		6.686,70
Axencia Tributaria (retención intereses xerados A.E.A.T.)		8,41
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Investimentos financeiros a curto prazo.	1.214,61	1.214,61
VI. Periodificacións a curto prazo.		
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes.	48.468,77	41.779,00
TOTAL (A+B)	**64.026,57**	**60.242,51**

Balance de Situación Abreviado do Exercicio Económico 2017 (Pechado a 31/12/2017)
Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
Moeda: Euro

PATRIMONIO NETO E PASIVO	E2017	E2016
A) PATRIMONIO NETO.	**58.884,28**	**59.734,77**
A-1) Fondos propios.	58.884,28	59.734,77
I. Capital.		
II. Prima de emisión.		
III. Reservas.		
IV. (Accións e participacións en patrimonio propias).		
V. Remanente de exercicios anteriores	59.734,77	80.242,49
VI. Outras aportacións de socios.		
VII. Resultado do exercicio.	(850,49)	(20.507,72)
VIII. (Dividendo a conta).		
IX. Outros instrumentos de patrimonio neto.		
A-2) Axustes por cambios de valor.		
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos.		
B) PASIVO NON CORRENTE.		
I. Provisións a longo prazo.		
II. Debedas a longo prazo.		
III. Debedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo.		
IV. Pasivos por imposto diferido.		
V. Periodificacións a longo prazo.		
C) PASIVO CORRENTE.	**5.142,29**	**507,74**
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.		
II. Provisións a curto prazo.		
III. Debedas a curto prazo.		
IV. Debedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo.		
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar.	5.142,29	507,74
Seguridade Social	2.062,96	386,84
Axencia Tributaria (A.E.A.T.)	3.079,33	120,90
Outros acredores comerciais		
VI. Periodificacións a curto prazo.		
TOTAL (A+B+C)	**64.026,57**	**60.242,51**

Conta de Perdas e Ganancias Abreviada do Exercicio Económico 2017
Asociación Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (ADR MAIV – Baixo Miño)
Moeda: Euro

	Exercicio 2017	**Exercicio 2016**
	(Debe) / Haber	(Debe) / Haber
1. Importe neto da cifra de negocios		
2. Variación de existencias de productos terminados e en curso de fabricación		
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		
4. Aprovisionamentos		
5. Outros ingresos de explotación (incluídas subvencións)	168.328,93	23.853,79
6. Gastos de persoal e asimilados	(121.436,36)	(36.659,13)
7. Outros gastos de explotación	(47.566,58)	(7.746,58)
8. Amortización do inmobilizado		
9. Imputación de subvencións de inmobilizado non financeiro e outras		
10. Excesos de provisións		
11. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmobilizado		
A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	**(674,01)**	**(20.551,92)**
12. Ingresos financeiros		44,20
13. Gastos financeiros	(15,86)	
14. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		
15. Diferenzas de cambio		
16. Deterioro e resultado por enaxenacións de instrumentos financeiros		
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)	**(15,86)**	**44,20**
17. Resultado extraordinario	(160,62)	
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B+17)	**(850,49)**	**(20.507,72)**
18. Imposto sobre beneficios	0,00	0,00
D) RESULTADO DO EXERCICIO (C+18)	**(850,49)**	**(20.507,72)**

CONVENIO DE COLABORACIÓN
ENTRE A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL
E A COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAL EN MAN COMÚN DE CAMPOSANSOS
A EFECTOS DA EXECUCIÓN E DO MANTEMENTO DO PROXECTO DENOMINADO
"POSTA EN VALOR E SINALIZACIÓN DO SENDEIRO DOS BANCOS EN SANTA TEGRA"
EXPEDIENTE AXUDA Nº L18-1920-14-B065
MEDIDA LEADER 2014/2020

En Mos, a XX de XXX de 2018

Reunidos

Dunha parte a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (en adiante GDR14), con sede na Avenida de Peinador, 39 - Tameiga do concello de Mos, código postal 36416, con código de identificación fiscal G36889780, representada pola presidenta Dna Sandra González Alvárez, nomeada por acordo do órgano competente do GDR14, segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 20 dos Estatutos do GDR14.

E doutra, a Comunidade de Montes Veciñal en Man Común de Camposancos (en adiante CMVMC CAMPOSANCOS), con sede en Rúa Outeiro, 40 – Camposancos do concello de A Guarda, código postal 36788, con código de identificación fiscal V36059228, representado polo presidente D. Jose Fernando Martínez Martínez, nomeado por acordo do órgano competente da CMVMC CAMPOSANCOS, segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 36 dos Estatutos da CMVMC CAMPOSANCOS.

As partes recoñécense a capacidade necesaria e

Expoñen

O GDR14 é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como obxecto social servir de núcleo de converxencia e representación das entidades e persoas xurídicas, tanto privadas como públicas, interesadas no desenvolvemento rural da zona de actuación formada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui.

A CMVMC CAMPOSANCOS é unha comunidade de montes veciñal en man común, que ten como obxecto social a regulación da administración, disfrute e aproveitamento dos montes veciñais en man común da parroquia de Camposancos que forma parte do concello de A Guarda.

Segundo os fins aludidos, as dúas partes acordaron celebrar un convenio de colaboración a efectos da execución e do mantemento do proxecto denominado "POSTA EN VALOR E SINALIZACIÓN DO SENDEIRO DOS BANCOS EN SANTA TEGRA" presentado como un expediente de animación e promoción territorial do GDR14 na anualidade 2018/2019 da Medida LEADER 2014/2020 (expediente axuda nº L18-1920-14-B065). As partes formalizan o presente convenio suxeitándose ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e obrigas que asumen as dúas entidades.

O GDR14 comprométese:
-A execución do proxecto como promotor do expediente de axuda nº L18-1920-14-B065 da Medida LEADER 2014/2020.
-O mantemento do proxecto asumido en base ao plan de xestión presentado ao abeiro do expediente de axuda nº L18-1920-14-B065 da Medida LEADER 2014/2020. Polo tanto, como compromiso asumido polo GDR14 o mantemento realizarase alomenos durante os cinco anos posteriores á liquidación da certificación final de axuda de dito expediente.

A CMVMC CAMPOSANCOS comprométese:
-A facilitar o acceso público, libre e gratuito aos terreos onde se localizara o proxecto (tanto ao GDR14 a efectos da execución e mantemento do mesmo como ao público en xeral para o seu desfrute). Neste senso, deberase permitir a execución e mantemento do proxecto sendo promotor do mesmo o GDR14 (expediente de axuda nº L18-1920-14-B065 da Medida LEADER 2014/2020).
-A solicitar e xestionar as correspondentes autorizacións e permisos. Neste senso, non se executará o proxecto sen contar previamente coas autorizacións necesarias e os permisos pertinentes das correspondentes autoridades competentes.

Segunda.- Duración do convenio.

A vixencia deste convenio iníciase o día da súa sinatura e xurdirá efecto atá o 31 de decembro de 2023.

Terceira.- Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o monte veciñal en man común da parroquia de Camposancos que forma parte do concello de A Guarda.

Cuarta.- Orzamento

A execución e o mantemento do proxecto vai ser asumido polo GDR14 ao abeiro do expediente de axuda nº L18-1920-14-B065 (Medida LEADER 2014/2020).

Quinta.- Principios de actuación.

Para o cumprimento dos obxectivos das entidades, tendo en conta o carácter público dos fondos que os financian, as actuacións conxuntas deberán garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Sexta.- Modificación do convenio.

Este convenio poderá modificarse polo GDR14 ou pola CMVMC CAMPOSANCOS, previa petición razoada do grupo interesado, mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio, que deberá asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sétima.- Resolución do convenio.

Este convenio poderá rescindirse de mutuo acordo entre as partes, en caso de incumprimento das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

Asdo. Jose Fernando Martínez Martínez
Presidente da CMVMC CAMPOSANCOS

Asdo. Sandra González Alvárez
Presidenta do GDR14

CONVENIO DE COLABORACIÓN
ENTRE A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL
E O GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO RÍA DE VIGO – A GUARDA
PARA ACTIVIDADES DE INTERÉS XERAL

En XXX, a XX de XXX de 2018

Reunidos

Dunha parte a Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL (en adiante GDR14), con sede na Avenida de Peinador, 39 - Tameiga do concello de Mos, código postal 36416, con código de identificación fiscal G-36.889.780, representado pola Presidenta do GDR14, Dna Sandra González Alvárez, nomeada por acordo do órgano competente do GDR14, segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 20 dos Estatutos do GDR14.

E doutra, a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro nº 7 "Ría de Vigo – A Guarda" (en adiante GALP 7), con sede en Rúa Ventura Misa, 19, concello de Baiona, código postal 36300, con código de identificación fiscal G94000510, representado polo presidente do GALP 7, D. Juan Manuel Gregorio Vaqueiro, nomeado por acordo do órgano competente do GALP 7, segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 19 dos Estatutos do GALP 7.

As partes recoñécense a capacidade necesaria e

Expoñen

O GDR14 é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como obxecto social servir de núcleo de converxencia e representación das entidades e persoas xurídicas, tanto privadas como públicas, interesadas no desenvolvemento rural da zona de actuación formada polos concellos de A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui.

O GALP 7 é unha asociación sen fins de lucro, que ten como obxecto social servir de núcleo de converxencia e representación de todas as entidades e axentes socioeconómicos interesados no desenvolvemento integral e equilibrado do seu ámbito territorial de actuación (Concellos de Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda).

Segundo os fins aludidos, as dúas partes acordaron celebrar un convenio de colaboración en actividades de interese xeral. As partes formalizan o presente convenio suxeitándose ás seguintes.

Cláusulas

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e obrigas que asumen as dúas entidades.

Os dous grupos comprométense a cumprir o seguinte:

- Creación dunha *Comisión Conxunta de Coordinación*, entre os representantes do GDR14 e o GALP 7, co obxectivo de asegurar un nivel de investimento equilibrado no territorio de actuación, de xeito que nos concellos comúns, non se produza sobrefinanciamento.
- Creación dunha *Mesa de Traballo* entre os equipos técnicos das oficinas de xestión do GDR14 e GALP 7 con obxectivo de:
    - Asegurar que un mesmo proxecto non sexa beneficiario a axudas en ambos Grupos.
    - Que os proxectos se presenten ao grupo máis axeitado.

  En calquera caso, como criterios de aplicación xeral, nos territorios coincidentes, serán intervencións exclusivas do GALP zona 7:
    - As relacionadas co sector pesqueiro e as dirixidas especificamente aos traballadores vinculados coas actividades pesqueiras.
    - As vinculadas coa transformación e comercialización de produtos do mar.
    - As de sensibilización e valorización do patrimonio natural e cultural ligado á costa e ás actividades pesqueiras.

  E serán intervencións exclusivas do GDR14:
    - As relacionadas co sector gandeiro, agrario e forestal.
    - As relacionadas coa transformación e comercialización dos produtos agrogandeiros e forestais.
    - As de sensibilización e valorización do patrimonio natural e cultural ligado a áreas forestais e ás actividades agrogandeiras e forestais.
- Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a procura de liñas de actuación conxunta.

Segunda.- Duración do convenio.

A vixencia deste convenio iníciase o día da súa sinatura e xurdirá efecto até o 31 de decembro de 2020. Este convenio poderá prorrogarse no seu caso atá o ano 2023 se existe interese polas dúas partes.

Terceira.- Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación deste convenio é o territorio no que coinciden os dous grupos (Concellos de Redondela, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal, e A Guarda).

Cuarta.- Orzamento

As entidades asinantes comprométense a executar as accións dentro do seu orzamento.

Quinta.- Principios de actuación.

Para o cumprimento dos obxectivos das entidades, tendo en conta o carácter público dos fondos que os financian, as actuacións conxuntas deberán garantir os principios de colaboración, imparcialidade, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Sexta.- Modificación do convenio.

Este convenio poderá modificarse polo GDR14 ou polo GALP 7, previa petición razoada do grupo interesado, mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio, que deberá asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sétima.- Resolución do convenio.

Este convenio poderá rescindirse de mutuo acordo entre as partes, en caso de incumprimento das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

Asdo. Juan Manuel Gregorio Vaqueiro
Presidente do GALP 7

Asdo. Sandra González Alvárez
Presidenta do GDR14